


# O INTRUSO

Roger Corman, 1962

# 1318

ESTREA EN NUMAX: 26.06.2024 | V.O.S.E. | 84 min

Un home con traxe branco chega a unha pequena vila do Sur dos Estados Unidos en vésperas da integración. O seu nome é Adan Cramer e autoproclámase reformador social. Pero o seu obxectivo é incitar á poboación branca a que non permita que os nenos negros entre na escola da vila.



## Entrevista con Roger Corman: «Hai un paralelismo entre Donald Trump e o personaxe de Adam Cramer»

Por Nick Vivarelli

**Comezaches a facer cinema a mediados dos 50, despois de traballar na Fox. Cos primeiros 20 filmes foiche ben pero, en 1962, fixeches *O intruso*, no que William Shatner encarna un axitador vestido cun traxe branco que chega a unha pequena vila do Sur e tenta impedir a integración das escolas. Por que foi un fracaso?** Debeuse en parte ao tema e en parte ao tratamento do mesmo. As críticas foron maravillosas pero perdeu diñeiro por dúas razóns: esquecín que os filme tamén debían entreter, debín ter engadido momentos máis lixeiros, e a xente non quería un filme que ofrecese unha imaxe real sobre o tema.

**Neste Festival [Locarno 2016] estase a facer unha analogía entre Donald Trump e o teu personaxe. Pareceche esaxerado?** Ata certo punto existe un paralelismo entre Donald Trump e Adam Cramer, o personaxe que chega ao Sur para sacudir tensións raciais para beneficio persoal e político. Sempre houbo grandes demagogos e Trump agora é un dos máis grandes.

Publicado en [variety.com](http://variety.com)

## Un documento neorrealista sobre a segregación

*O intruso*, un dos mellores e máis descoñecidos filmes de Corman, revela sen paternalismos o lado máis escuro da natureza humana. É a única vez que o director abordou un filme sobre a realidade social dos Estados Unidos a partir dun incidente real acontecido en Little Rock cinco anos antes. Corman diría nunha entrevista: "Era un filme que quería facer. Nunca tivera un fracaso antes, os 17 ou 18 filmes anteriores foran un éxito. Merquei os dereitos da novela sobre a integración racial nas escolas do Sur e preparei o guión con Charles Beaumont, autor do libro". Porén, *O intruso* foi un completo fracaso, pasando á historia como o primeiro e último filme no que Corman perdeu diñeiro. A pesar das boas críticas e os premios en festivais ninguén quería distribuílo.

Corman quería rodar no Sur, onde tiveran lugar a maioría dos problemas de integración, pero non quería rodar nun estado sureño, quería garantir a protección e as leis dun estado do Medio Oeste. Mirando o mapa encontrou o lugar perfecto en Missouri, un estado do Medio Oeste que conservaba a mirada e o acento sureños. Rodada en branco e negro e usando uns cantos actores profesionais apoiados nunha multitude de veciños locais sen pretensións, *O intruso* trascende o cinema de ficción para se converter nun documento neorrealista dun tempo e un lugar no que o medo, a violencia e a intolerancia racial eran a norma.

O retrato que William Shatner fai de Cramer é absolutamente audaz, vestido cun traxe branco é encantador e cortés cos cidadáns brancos e todo o contrario cos afroamericanos e os integracionistas que se opoñían a el. Durante unha secuencia clave do filme, no que Shatner ofrece un apaixonado discurso pro-segregación parece ser que moitos dos extras que se atopaban na escena eran realmente pro-segregacionistas e pensaban que Shatner era o heroe do filme. Cando a cidadanía local se decatou da verdadeira intención de Corman foi expulsado de dúas cidades con ameazas do sheriff dun condado e do xefe de policía doutro. Finalmente gravar en Missouri non foi moi diferente. O sheriff díxolle: "Se segues aquí cando se poña o sol vas ao caldeiro. Non volvas".

Publicado en [channelvideoone.com](http://channelvideoone.com)